

DINAMIZACIÓN DA XEOLOXÍA A TRAVÉS DE PRÁCTICAS SINXELAS

LAGO ÁLVAREZ, MARCOS

IES Primeiro de Marzo, Baiona

RESUMO DO OBRADOIRO

A ensinanza da Xeoloxía na ESO e no Bacharelato adoita non ser tan completa como a da Bioloxía. Moitas das veces a distribución moi desigual no currículo ou a amplitude do mesmo, xunto coa formación dos docentes, moitos dos cales non son xeólogos, non mellora a situación.

Se a esta problemática, engadimos as deficiencias no uso do Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, por necesidades horarias do centro: ausencia de desdobres, emprego para docencia ordinaria, mala dotación... poderíamos resignarnos a facer ben pouca experimentación ou modelización nesta materia

Neste obradoiro achéganse unha selección de sinxelas prácticas que poden resultar interesantes para mellorar a docencia da Xeoloxía na ESO e no Bacharelato. Todas as presentadas foron postas en práctica e indicáranse as posibles incidencias.

As prácticas preséntanse en tres grupos, segundo o lugar de realización: na clase, no laboratorio ou no exterior.